



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 26 DE DECEMBRO DE 2.006

Na Casa de Cultura de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e vinte minutos do día vinteseis de decembro de dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio Varela Rodríguez, D. José Espiño López, D. Serafín Vázquez Arias, D. Manuel Fraga Martínez, D. Jesús Fernández García, D. Cesáreo Trigo Méndez e D. Xoán Manuel Tubío Fernández, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa maioría, có obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Non asisten os Srs. Concelleiros D. Arcadio Lombao Román e D. Manuel Varela Granda.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2006

Ponse de manifesto os membros da Corporación o acta da sesión plenaria celebrada o pasado día 27 de outubro de 2006, cuxa copia se remitiu os Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación do citado acta. Realizada a votación, o acta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2. NOMEAMENTO DE MANUEL MARÍA COMO FILLO PREDILECTO DE OUTEIRO DE REI.

Ponse de manifesto a proposta de resolución formulada polo instructor do procedemento, don Serafín Vázquez Arias, e do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Outeiro de Rei, 16 de novembro de 2.006

FEITOS

PRIMEIRO.- Con data 5-V-05 por decreto da alcaldía, segundo acordo tomado no pleno municipal, acordouse iniciar expediente de declaración do escritor Manuel María como fillo predilecto do concello de Outeiro de Rei, nomeando ó mesmo tempo Instructor e Secretario para a tramitación do citado expediente.

SEGUNDO.- Por resolución de data 16-V-06 coa finalidade de instruir o expediente acordouse a publicación nun diario de difusión provincial o anuncio de información pública, a notificación ós grupos políticos municipais e a Fundación Manuel María.

TERCEIRO.- Dentro do prazo establecido achegouse a seguinte documentación:

- a) Pola Fundación Manuel María:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- Memoria a favor do nomeamento de fillo predilecto.
 - Libro colectivo editado por A.C. Xermolos.
 - Bibliografía de Manuel María de Camilo Gómez Torres.
 - A Terra Chá na Poesía de Manuel María de Camilo Gómez Torres.
 - Novena de Santa Isabel feita por Manuel María, editada por Xermolos.
- b) Polo grupo municipal do B.N.G. aportouse memoria na que se recollen distintos argumentos para o nomeamento e igualmente se adxuntou unha memoria a favor do nomeamento feita por Camilo Gómez Torres.
- c) Polo grupo municipal do P.P. aportouse distinta información recollida de publicacións.

RAZOAMENTOS

UNICO.- Con data 6-V-05 publicouse no B.O.P. a aprobación definitiva do Regulamento Municipal de Honores e Distincións do Concello de Outeiro de Rei, establecendo no apartado 2 do artigo 4º que “para que poida ser concedido o honor ou distinción de fillo predilecto da poboación, será condición indispensable que a persoa interesada nacera na localidade”.

No artigo 5º dispón: “Cos nomeamentos premiaranse méritos, cualidades e circunstancias singulares”.

En canto ó referido no artigo 4º ningunha dúbida cabe, pois queda probado coa certificación da inscrición de nacemento adjuntada ó expediente que Manuel María naceu o día 6 de outubro de 1.929 en Outeiro de Rei.

Seguidamente pasaremos a analizar se reúne as condicións sinaladas no artigo 5º pois sería en este punto onde podería haber distintos criterios ou orzamentos, pero da abundante información aportada ó expediente chégase as seguintes conclusións:

Manuel María era unha persoa moi humana, humilde, que lle gustaba aprender a cultura popular, cando el era un neno, da xente maior, plasmando máis tarde na súa obra distintas lendas chairegas e contos populares: As Penas de Rodas, as lagoas de Cospeito, o regato do Cepelo.

O seu celo e a súa defensa do noso idioma non lle permitiron acceder a certames, premios, etc., convocados oficialmente naquela época da ditadura, obrigándoo á clandestinidade pero non ó silencio. Foi un dos autores que máis se esforzou en relanzar o noso idioma, sendo o primeiro da súa xeneración en escribir en galego despois da guerra civil. Nestes difíciles anos nunca renuncia ós seus ideais, gustáballe viaxar para coñecer e así amar máis a nosa terra.

Durante os anos 60-70 traballou dun xeito silencioso para a organización dos partidos nacionalistas. Foi un dos piares do movemento asociativo galego, de maneira especial no mundo cultural. Viaxaba por toda Galiza para disertar sobre os temas máis variados relacionados co pobo. Camilo Gómez Torres ten documentados 712 actos nos que participou entre 1949 e 1990.

Na persoa de Manuel María coincidiron factores tan diversos e importantes como ser posuidor dunha calidade humana e unha ética excepcional, manter un compromiso con Galiza e coa súa cultura que puxo ao servizo dos demais e ser autor dunha obra abundante e de gran calidade literaria. Así foi recoñecido por distintos organismos oficiais, mesmo dándolle o seu nome a algunha das súas rúas, como por exemplo o concello de Lugo, Boiro ou Outeiro de Rei, ou convocando premios literarios como o “Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil” do Instituto Galego das Artes Escénicas da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Escribiu centos de artigos en case todos os xornáis e revistas galegas (a Nosa Terra, El Correo Gallego, La Voz de Galicia, El Progreso, etc.), cun estilo sinxelo tratando de transmitir os seus coñecementos a través de distintos temas: etnografía, arquitectura popular, acontecementos culturais. Afonda no rol dos homes e das mulleres do mundo rural e nos problemas sociais e económicos. Identificado a través da súa obra cos labregos, os artesáns, os artistas populares, con todas as ramas que conservaron os costumes, o idioma, a cultura, todo aquilo que conservou as tradicións.

Case que con toda certeza é o poeta máis cantado e recitado de todos os tempos por artistas galegos (Fuxan os Ventos, Suso Vaamonde, A Quenlla, etc.). Tamén algún artista catalán ou vasco o fixo traducíndoo ó seu idioma. Cabe destacar que tamén parte da súa obra foi traducida a distintos idiomas (español, bretón, francés, holandés, inglés, portugués, etc.).

En canto a súa extensa e brillante obra literaria, foi tal vez no xénero poético onde máis destacou, sendo galardoado entre outros co Premio Castelao de Poesía (Advento) e o Premio Pondar de Poesía (Libro de pregos) do Centro Galego de Bos Aires. Outras obras destacadas neste xénero son por exemplo: “Muiñeiro de brétemas”, “Terra Chá”, “Os Soños na gaiola”, “O Miño canle de luz e neboa”. Como dramaturgo é autor de varias pezas teatrais, entre outras: “Auto de mariñeiros” ou “A farsa de Bululú”, coa que conseguiu o Premio de Teatro Abrente. Entre a súa obra narrativa foi galardoada co Premio Narrativa Centro Galego de Bos Aires “O xornaleiro e sete testemuñas máis”, destacando tamén entre outras: “A tribo ten catro ríos”, “Cando o mar foi polo río”, etc.

Entendemos que todo o exposto sería suficiente para outorgar a distinción que estamos a tratar, pero a mayor abundamento hai que destacar como así se recolle na memoria de Camilo Gómez Torres, o cariño, a fe, a inquietude e o amor que o autor sentía pola súa Vila, Outeiro de Rei, e polos seus veciños como así se reflicte na súa obra, na que encontramos múltiples poemas que describen a vila, os seus lugares singulares e nos falan das xentes que el tratou, como por exemplo en “Terra Chá”, “Documentos personales”, “Libro de pregos”, “Mar maior”, “Remol”, “Poemas de labarada estremecida”, “O Miño canle de luz e néboa”, “A tribo ten catro ríos”, “Cando o mar foi polo río” ou “Novena a Santa Isabel, por un devoto de Outeiro de Rei”. Será difícil encontrar un artista que na súa vida lle dedique tantos recordos á súa terra. Mesmo cando ingresou dun xeito oficial na Real Academia Galega, o seu discurso estivo dedicado a unha descripción da Terra Chá e ó xeito no que os poetas da Terra Chá sentimos a paisaxe. Outeiro de Rei e a Terra Chá é un referente poético que queda inmortalizado na obra de Manuel María, o sincero e gran amor que sentía pola terra que o viu nacer queda ben reflexado, e así escribiu:

“Eu son Manuel María.
Nacín o ano 30, o 6 de Outono,
En Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha casta rexa de labregos
Fideles á súa terra i o Deus.
Agora son un namorado.
Eu son Manuel María,
Cantor da Terra Chá que algúns din.
Cantor da Terra Chá que leva un
Cravada nas entranas, penso eu”

Por todo o relatado, entendemos que os méritos, cualidades e circunstancias singulares que concurren no galardoado quedan acreditadas nas dilixencias realizadas e



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

fan que sexa merecedor do nomeamento de fillo predilecto do Concello de Outeiro de Rei.

ACORDO

Elevar a presente proposta de resolución co seu expediente ó Sr. Alcalde para sometelo ó Pleno da Corporación, para a súa aprobación, e nomear fillo predilecto de Outeiro de Rei a D. MANUEL MARIA FERNÁNDEZ TEIJEIRO. Asdo: O Instructor.“

Finalizada a exposición da proposta de resolución, o sr. Tubío, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, anuncia o seu respaldo a tal nomeamento, e expresa a súa ledicia polo feito de que, a moción presentada polo seu Grupo Municipal con data de 15 de outubro de 2004, finalmente fora satisfeita.

Engade que a obra de Manuel María se valorará cada vez máis co paso do tempo, sendo unha das figuras das nosas letras máis destacadas dos últimos tempos.

Ofrécese a colaborar co equipo de goberno no acto de formalización do nomeamento e dacordo coa familia do nomeado.

Fai uso da palabra o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular e Instructor do procedemento, don Serafín Vázquez Arias, para agradecer ao Grupo Municipal do BNG a colaboración e o apoio prestado.

O sr. Pardo Lombao agradece o apoio do Grupo Municipal do BNG ao procedemento de nomeamento, e califica como interesante a unanimidade acadada neste asunto. Asemade agradece ao instructor do procedemento, don Serafín Vázquez Arias, o magnífico traballo desempeñado na instrución do procedemento.

A continuación sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Nomear, a título póstumo, a Manuel María Fernández Teijeiro como fillo predilecto do Concello de Outeiro de Rei”

Efectuada a votación, a proposta de resolución resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI E PREFHORVISA OUTEIRO S.L.

O sr. Alcalde explica brevemente o contido da proposta de convenio, cuxa copia se adxuntou aos srs. Concelleiros xunto a notificación da convocatoria, xustificando a conveniencia da súa aprobación nos seguintes puntos:

. O convenio implica un incremento do 5% da superficie afectada de cesión obrigatoria como solo dotacional público. O incremento deste terreo de dominio público afecto ao servizo público implica un incremento dos estándares de sostenibilidade urbanística do Plan.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

. Por outra banda, a agregación das parcelas de titularidade de Prefhorvisa nunha única parcela, mellora a situación da empresa que, deste xeito, dispón de terreo suficiente para afrontar posibles ampliacións da súa actividade, o que redonda favorablemente, sin dúbida, no conxunto do Concello de Outeiro de Rei.

O sr. Tubío toma a palabra e expón a súa reivindicación de que o texto do convenio se faga en Galego.

Asemade, cree lóxico que a agrupación das parcelas da empresa se fixera na aprobación do expediente de reparcelación, e non nestes intres.

Por outra banda, observa que o contido do convenio non afecta sustancialmente o contido da ordeazón do polígono, que se incrementa o solo adicado a uso dotacional público e que, sin dúbida, a parte máis beneficiada é a empresa.

Por todos esos motivos, anuncia a súa abstención na votación.

Volta a intevir o sr. Pardo Lombao, que recorda que o convenio aínda non está aprobado (para iso se trae ao Pleno), e que é certo que a empresa ten interese no convenio, xa que senón non o plantexaría. O interesante é que no convenio gañan ámbalas dúas partes.

Por outra banda, sinala que no proceso de reparcelación non se podía arranxar esta situación, xa que a ubicación do solo dotacional se determina no Plan Parcial. Ilo conleva que a única solución posible é a modificación do Plan Parcial.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Primeiro: Aprobar inicialmente a seguinte:

“PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI E PREFHORVISA S.L.

OBJETO DEL CONVENIO

El presente convenio es de carácter urbanístico por tener como finalidad última una modificación de planeamiento que afecta a la ubicación de las zonas de interés público y social dentro del Parque Empresarial de Matela, ordenadas según Plan Parcial aprobado definitivamente en fecha 26 de julio de 1.994.

En desarrollo del Plan Parcial se presentó por parte de la junta de compensación proyecto de reparcelación que fue aprobado por decreto de la alcaldía en fecha 11 de octubre de 2.001 y proyecto de urbanización que fue aprobado por decreto el 7 de marzo de 2.003.

La organización zonal de dicho plan parcial comprende la división del espacio de interés público y social en 4 parcelas diferentes separadas espacialmente que se denominan SIPS21, SIPS31, SIPS32 y SIPS41.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Una de estas zonas, la SIPS21 está ubicada entre las dos parcelas propiedad de Prefhorvisa Outeiro S.L. denominadas 4 y 4a reduciendo el correcto aprovechamiento del suelo e impidiendo el óptimo desarrollo de las actividades de la empresa, para las cuales se estima necesaria una superficie mínima continua de 20.000m².

Es objeto del presente convenio el regular los compromisos de ambas partes con el fin de tramitar una modificación puntual del planeamiento en la que se reubique la zona de interés público y social SIPS21 en el lugar que actualmente ocupa la parcela 4a de uso industrial, adjudicada en la reparcelación a Prefhorvisa Outeiro S.L., de forma que el lugar ocupado por la SIPS21 pasase a manos de Prefhorvisa Outeiro S.L., una vez convertida a uso industrial, y parte de la parcela 4a destinada a zona de interés público y social pase a manos del Concello. De este modo Prefhorvisa Outeiro S.L. podría unir sus dos parcelas 4 y 4a para disponer de una superficie que estaría ligeramente por encima del mínimo requerido para su actividad.

En base a todo lo expuesto ambas partes acuerdan concretar los particulares a los que se sujetará el proceso de modificación del planeamiento, a cuyo efecto estipulan las siguientes

CLÁUSULAS

1. El Ayuntamiento de Outeiro de Rei en virtud de este convenio se compromete a tramitar, gestionar y presentar las modificaciones puntuales del Plan Parcial del Parque Empresarial de Matela en cuya virtud, cumplidos los trámites legales pertinentes, la zona de interés público y social actualmente identificada como SIPS21 pasaría a ubicarse en el lugar que actualmente ocupa parte de la parcela 4a, y esta se reubicaría en el lugar que actualmente ocupa la parcela SIPS21.

2. Prefhorvisa Outeiro S.L. contribuirá a los gastos que genere la modificación puntual con una aportación de 3.000€ (tres mil euros), que serán abonados en el plazo de un mes desde la última de las publicaciones de la aprobación definitiva de la modificación del Plan Parcial aquí expuesto.

3. Con el fin de garantizar el pago de los gastos a los que se hace referencia en el punto 2, una vez aprobada la modificación se exigirá a Prefhorvisa Outeiro S.L. la presentación de un aval por el importe de 3.000€ en concepto de gastos por gestión y tramitación de la modificación puntual del planeamiento. Este aval será ejecutado si no se realiza el pago de los gastos correspondientes en el plazo de 3 meses desde la aprobación definitiva de la modificación.

Si la modificación del plan no fuese aprobada definitivamente en el sentido aquí expuesto, este aval será devuelto en el plazo de 1 mes desde la denegación de dicha aprobación.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

4. Con objeto de ofrecer un bien de interés público Prefhorvisa Outeiro S.L. cedería para zona de interés público y social un 5% más de lo destinado inicialmente en la parcela SIPS21, con lo que esta zona de interés público y social pasaría a contabilizar un total de 5.471 m².

5. Una vez aprobada la modificación y materializado el pago o la ejecución del aval, la propiedad de la parcela 4a en la parte correspondiente a la zona de interés público y social (5.471 m²) ubicada junto a la parcela S2, revertirá irreversiblemente al Ayuntamiento, y la parcela actualmente ocupada por la SIPS21 pasará a ser propiedad de Prefhorvisa Outeiro S.L. en su totalidad, quedando afectada al uso industrial.

6. Ambas partes proponentes, en la representación que ostentan, son concededoras de la interposición de recursos contencioso-administrativos interpuestos por parte de D. Nicanor Naval López, D. José Pernas Losada y D^a. Manuela Milagros Barreiro Canle, contra la aprobación del Proyecto de Reparcelación correspondiente al Plan Parcial del Parque Empresarial de Matela."

Segundo: Sométase a tramitación prevista no artigo 237 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia. No suposto de que transcorrido o prazo de información pública non se presentara alegación ou suxerencia algunha, entenderase aprobado definitivamente."

Realizada a votación, a proposta aprobase con oito votos a favor e unha abstención pertencente ao Concelleiro don Xoan Manuel Tubío Fernández.

4. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

Ponse de manifesto a proposta de aprobación inicial de regulamento municipal do rexistro de parellas de feito, cuxo teor literal é o seguinte:

“PROPUESTA DE REGLAMENTO PARA LA INSCRIPCIÓN EN EL REGISTRO MUNICIPAL DE PAREJAS DE HECHO

PRIMERO:

En el presente Registro se inscribirán las declaraciones de constitución de Uniones de Convivencia distintas del matrimonio, entre personas del mismo o de distinto sexo, que convivan al momento de la solicitud de inscripción, salvo que tuvieran descendencia común, en cuyo caso bastará la mera inscripción de uno de los miembros en el Padrón Municipal de Habitantes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

La convivencia se acreditará mediante certificado municipal expedido con cargo al Padrón Municipal de Habitantes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SEGUNDO:

La inscripción en el Registro de parejas de hecho requerirá la declaración por los interesados de su unión, mediante solicitud que se presentará en el Registro General del Ayuntamiento.

TERCERO:

A la solicitud se acompañará la siguiente documentación:

- 1.- Fotocopia compulsada de los Documentos Nacionales de Identidad y libro de familia.
- 2.- Declaración responsable de no estar incapacitados para emitir el consentimiento necesario para llevar a cabo el acto o la declaración objeto de la inscripción.
- 3.- Certificado o Fe de Estado.
- 4.- Certificación del Padrón Municipal de habitantes del Ayuntamiento de Outeiro de Rei, que acredite la situación de empadronamiento de los interesados.
- 5.- Declaración de si se encuentran o no inscritos en algún otro registro de parejas de hecho.
- 6.- Declaración de no tener vínculo familiar de consaguinidad en primer o segundo grado.

CUARTO:

Aportada la documentación completa, la Alcaldía fijará el día en el que se levantará el acta de formalización de la declaración de voluntad de los interesados.

En dicho acto de formalización los interesados manifestarán en viva voz y ante el Alcalde, su voluntad de constituir una pareja de hecho y de que la misma sea inscrita en el Registro Municipal de Parejas de hecho. De lo manifestado en este acto, el Secretario del Ayuntamiento levantará acta sucinta que será firmada por todos los comparecientes.

QUINTO:

Los datos del Registro pertenecen a sus titulares, por lo que sólo a su instancia o con su consentimiento podrán ser consultados, rectificadas o reproducidos por terceros.

Las autoridades y funcionarios municipales con acceso al registro están sujetos a estricto deber de sigilo respecto de los datos a los que accedan por razón de la administración del mismo.

Únicamente tendrán acceso al registro el Alcalde de la Corporación o quien legalmente le sustituya, el Secretario del Ayuntamiento o funcionario en quien delegue y funcionario encargado de los servicios sociales municipales, cuando el ejercicio de su función lo requiera.

Asimismo, tendrán acceso al registro los funcionarios encargados de la gestión tributaria o de fomento, en el supuesto de que las ordenanzas municipales atribuyan efectos tributarios a la unión no matrimonial y dicha unión sea alegada por los interesados.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

El Ayuntamiento podrá ceder los datos inscritos en el Registro a las autoridades judiciales, previo requerimiento de las mismas, así como a las autoridades responsables de la llevanza y custodia de registros de similar naturaleza, con la finalidad de evitar dobles inmatriculaciones.

SEXTO:

Se considerará disuelta la pareja de hecho en los casos de muerte o declaración de fallecimiento de uno de sus miembros, por matrimonio de uno de sus miembros, por mutuo acuerdo, por voluntad unilateral de uno de los miembros de la pareja, -que deberá ser notificada fehacientemente al otro-, y por cese efectivo de la convivencia por un periodo superior a un año.

Ambos miembros de la pareja están obligados en caso de disolución, aunque sea de forma separada, a instar la cancelación de la inscripción en el registro municipal. Si la voluntad de cancelación se presenta por uno sólo de los miembros de la pareja, se dará traslado de su escrito al otro miembro de la pareja a efectos de su conocimiento.

La cancelación de la inscripción se podrá realizar de oficio, mediante conocimiento formal de concurrencia de alguna de las causas descritas anteriormente. En este caso, la nota de cancelación hará referencia al documento justificativo de la misma así como de la previa notificación a los interesados del acuerdo de cancelación.

SÉPTIMO:

Las Uniones No Matrimoniales se inscribirán en un Libro de Registro municipal de parejas de hecho, que recogerá los datos personales suficientes para la correcta identificación de los miembros de la pareja, el domicilio, los convenios reguladores de su relación en extracto (si los hubiere), y las fechas de la anotación de su constitución, convenios y extinción.

Este Libro de Registro se podrá llevar en soporte informático y en soporte papel mediante hojas móviles, previamente numeradas y selladas, que serán encuadradas posteriormente.

Constituirán hojas móviles las actas de formalización de la unión a que se hace referencia en el artículo 4º, y deberán ir firmadas por los interesados así como por el Alcalde y el Secretario del Ayuntamiento.

OCTAVO:

La inscripción en este Registro no constituirá calificación jurídica de actos o documentos, sino mera constatación de la declaración de voluntad de los comparecientes y de sus compromisos, salvo disposición normativa de superior rango.

NOVENO:

El tratamiento automatizado de los datos de carácter personal que consten en el Registro, respetará estrictamente las disposiciones de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.

DÉCIMO:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

El Registro entrará en vigor al día siguiente a la publicación de su anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.”

Pregunta o sr. Tubío, voceiro do Grupo Municipal do BNG, se se presentou algunha solicitude de inscrición no citado rexistro.

Resposta o sr. Pardo Lombao que únicamente existe constancia dunha solicitude, se ben o motivo da presente proposta é a consciencia de existencia dunha demanda social deste servizo e a vontade política de atendela.

O sr. Tubío critica que o texto se redactase en castelán, cando a propia lei de normalización lingüística esixe que se faga en galego. No tocante ao contido do regulamento, manifesta a súa conformidade, e asegura que se trata de prestar un servizo máis aos veciños.

O sr. Pardo Lombao alédase que exista acordo sobor o contido do regulamento, e opina que o idioma da súa redacción é un aspecto secundario, xa que non comparte as posturas maximalistas sobor o idioma e recorda que ámbolos dous idiomas son oficiais.

Resposta o sr. Tubío que non mantén unha postura maximalista, senón que únicamente pretende facer cumprir a lei de normalización lingüística e advertir da responsabilidade das administracións no eido cultural e lingüístico.

Apunta o sr. Pardo Lombao que débese ter en conta que parte do vencidario ao que vai dirixido trátase de xente non nacida en Galicia e que non coñece o idioma galego. A esta xente non se lle poden poñer barreiras lingüísticas que impliquen a súa exclusión.

Sométese a votación a aprobación inicial do regulamento transcrito neste punto da orde do día.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

5. APROBACIÓN DOS ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI E OUTEIRO DE REI PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DUNHA PRAZA DE INTERVENCIÓN.

Iníciase o debate coa breve explicación polo sr. Alcalde do contido do proxecto de estatutos, cuxo teor literal dí:

“PROYECTO DE ESTATUTOS DE LA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DE LOS MUNICIPIOS DE CASTRO DE REI Y OUTEIRO DE REI PARA SOSTENIMIENTO, EN COMUN, DE UNA PLAZA DE INTERVENCIÓN.

PREAMBULO



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 14 y 15 del Real Decreto 1.174/1.987, de 18 de septiembre, regulador del régimen Jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en las Corporaciones Locales cuya Secretaría esta clasificada en clase segunda deberá existir un puesto de trabajo denominado Intervención, aunque, no obstante, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de intervención, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.

El nivel de gestión económico-funcional y presupuestario de las Corporaciones de Castro de Rei, Cospeito y Outeiro de Rei y su contabilidad, no demandada, a efectos de la función de control y fiscalización interna de dicha gestión, la creación de un puesto de trabajo de Intervención en cada una de las Entidades citadas.

Para cubrir, no obstante, las necesarias e imprescindibles funciones públicas ya mencionadas de control y fiscalización interna de aquella gestión, las Corporaciones de los Ayuntamientos de Castro de Rei, Cospeito y Outeiro de Rei, de común y mutuo acuerdo, en sesiones plenarios celebradas el 25 de enero de 1.988, el 21 de enero de 1.988 y el 3 de febrero de 1.988, respectivamente, adoptaron el acuerdo de interesar de la Xunta de Galicia la constitución, previo informe de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, de la Agrupación ya mencionada para el sostenimiento en común de un puesto único de Intervención, al que correspondería la responsabilidad Administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en los Municipios Agrupados de Castro de Rei, Cospeito y Outeiro de Rei, cuya resolución aprobatoria debería comunicarse al Ministerio para las Administraciones Públicas a efectos de clasificación y provisión de dicho puesto de trabajo.

Por la Comisión de Gobierno de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada el 4 de marzo siguiente, se acordó informar favorablemente la constitución de la meritada Agrupación para el sostenimiento en común de un puesto único de Intervención.

Transcurridos casi veinte años desde la creación de esta agrupación, las circunstancias económicas y administrativas propias de los ayuntamientos agrupados no son las mismas. En efecto, la expansión de la actividad prestacional de las administraciones locales agrupadas origina una carga de trabajo de naturaleza económica que precisa de una mayor dedicación profesional.

Por ello, el ámbito subjetivo de la agrupación debe modificarse, excluyendo al Ayuntamiento de Cospeito y reduciendo la agrupación del puesto de intervención a los Ayuntamientos de Outeiro de Rei y Castro de Rei.

En tal sentido, el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en sesión plenaria de fecha de 5 de mayo de 2006, aprobó la modificación del ámbito subjetivo de la agrupación, y, con fecha de 25 de agosto de 2006 la creación de una comisión conjunta con el Ayuntamiento de Castro de Rei para la elaboración de los proyectos de estatutos que han de regir la nueva agrupación.

En el mismo sentido, el Ayuntamiento Pleno de Castro de Rei, con fecha de 13 de septiembre de 2006, acordó la constitución de la comisión conjunta de elaboración de



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

los estatutos de la nueva agrupación, designando a los miembros de la corporación que han de representar al ayuntamiento de Castro de Rei en dicha comisión.

Reunida la comisión conjunta de con fecha de 13 de noviembre de 2006, por unanimidad de los miembros integrantes de la misma, se formulan los siguientes:

ESTATUTOS

CAPÍTULO I

DISPOSICIONES GENERALES

ARTÍCULO 1.- CONSTITUCIÓN

De conformidad con lo dispuesto por el artículo 15 de Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, se constituye la Agrupación Voluntaria de los Municipios de Castro de Rei y Outeiro de Rei, de la Provincia de Lugo, con la finalidad prevista en el artículo 161 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril. La Agrupación se regirá por lo establecido en los presentes Estatutos y en aquello que no este previsto en los mismos, se estará a lo establecido en las disposiciones legales o reglamentarias que se recogen en el apartado de Derecho Supletorio al final de los presentes Estatutos.

ARTÍCULO 2.- OBJETO.-

La Agrupación tiene por objeto el mantenimiento de una plaza de Interventor común para servicio de los dos Municipios, de acuerdo con el régimen legalmente establecido que le sea de aplicación en cada momento, además de las cláusulas especiales de estos Estatutos.

ARTÍCULO 3.- EFECTOS.-

La Agrupación comenzará a surtir efectos, desde el momento en que sea aprobada definitivamente su constitución por el órgano competente de la Comunidad Autónoma, previos los acuerdos corporativos de creación de la Agrupación y aprobación de los Estatutos, con el preceptivo informe de la Diputación Provincial, y , por último, la clasificación de la plaza por la Dirección General de Administración Local de la Xunta de Galicia.

ARTÍCULO 4.- CAPITALIDAD.-

La capitalidad de la Agrupación se localiza en el Municipio representado por el Alcalde que ejerza, en cada momento, la Presidencia de la Agrupación, y la sede de la misma será su Casa Consistorial.

ARTÍCULO 5.- CONTRIBUCIÓN A LAS CARGAS.-



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Cada uno de los Municipios que constituyen la Agrupación, contribuirá al sostenimiento de la plaza de Interventor, por partes iguales, pudiendo la Junta de la Agrupación acordar, en cada caso, otra forma de contribución sin necesidad de modificar los Estatutos, debiendo, no obstante, ser ratificado el acuerdo por los Plenos de los dos Municipios interesados.

CAPÍTULO II DE LOS ORGANOS DE GOBIERNO DE LA AGRUPACIÓN Y DE SU FUNCIONAMIENTO

ARTÍCULO 6.- DE LOS ORGANOS DE GOBIERNO.-

Los Organos de Gobierno de la Agrupación, serán dos: la “Junta de la Agrupación “ y el “Presidente”.

A) La Junta de la Agrupación .- La Junta de la Agrupación estará compuesta por los Alcaldes de los dos Municipios Agrupados y un Concejal por cada uno de ellos, nombrados por los Plenos respectivos, que actuarán como Vocales de la Junta.

B) El Presidente.- La presidencia de la Agrupación recaerá, alternativamente y con una duración de dos años, sobre uno de los Alcaldes de los Municipios agrupados. El cómputo del plazo de dos años se iniciará el día siguiente al de la constitución de las Corporaciones Municipales. La presidencia del primer período (elecciones municipales del año 2007) recaerá sobre el Alcalde de Castro de Rei. El segundo período del primer mandato (2009-2011) recaerá sobre el Alcalde de Outeiro de Rei, y así sucesivamente. En tanto no tenga lugar la constitución de las corporaciones resultantes del proceso electoral municipal a celebrar el año 2007, la Presidencia de la Agrupación recaerá sobre el Alcalde de Outeiro de Rei.

El Presidente de la Agrupación ostenta su representación y le corresponde la superior dirección, inspección e impulso de las gestiones que sean precisas para su regular desenvolvimiento. A tal efecto, y previa solicitud de informe al otro ayuntamiento afectado, le corresponde la aprobación del período vacacional del Interventor, así como el reconocimiento de aquellos otros permisos, situaciones y licencias cuyo ámbito de vigencia temporal afecte a ambos municipios.

Tendrá la consideración de Vicepresidente el Alcalde sobre el que no recaiga la Presidencia de la Agrupación. El Vicepresidente sustituirá al Presidente, con las mismas facultades, en caso de vacante, ausencia o enfermedad.

La Junta de la Agrupación se renovará con la misma periodicidad que las Corporaciones municipales posibilitándose así que los Organos de Gobierno de la Agrupación puedan constituirse dentro de los treinta días siguientes al que corresponda tomar posesión a los nuevas Corporaciones.

En caso de vacante por fallecimiento, pérdida del cargo representativo en cualquiera de los Municipios, etc. el Ayuntamiento afectado designará el correspondiente sustituto en la Agrupación en la primera sesión que celebre.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

C) Secretario.- Será Secretario de la Junta de la Agrupación el Secretario del Ayuntamiento cuyo Alcalde ostente la Presidencia de la Junta, con reconocimiento de los derechos que le puedan asistir.

ARTÍCULO 7.- FUNCIONAMIENTO DE LA JUNTA.-

La Junta de la Agrupación celebrará sesión ordinaria con periodicidad anual, sin perjuicio de las extraordinarias que acuerde convocar el Presidente.

Para la válida constitución de la Junta se requerirá como mínimo, la asistencia del Presidente o suplente y dos miembros más. Asimismo, será precisa la asistencia del Secretario o Funcionario que lo supla.

Las sesiones se celebrarán ordinariamente en la Consistorial del Ayuntamiento cuyo Alcalde ostente la Presidencia de la Agrupación.

CAPÍTULO III

DERECHOS Y DEBERES DEL INTERVENTOR

ARTÍCULO 8.- DERECHOS.-

Sin perjuicio de los derechos inherentes a su condición de Funcionario de Habilitación Nacional, que establezca la legislación aplicable en cada momento, el Interventor tendrá derecho, además de a las retribuciones básicas y complementarias de obligada aplicación, según la normativa vigente, a las retribuciones complementarias que se acuerden por la Junta de la Agrupación y se confirmen por los Plenos de los Municipios respectivos, así como al resarcimiento de gastos que se deriven del cumplimiento de su función.

ARTÍCULO 9.- DEBERES.-

Además de los deberes generales que le correspondan como funcionario, estará obligado a asistir a las sesiones a las que sea convocado en cada uno de los Municipios de la Agrupación, sin perjuicio de los derechos que le puedan corresponder por los trabajos efectuados fuera de la jornada normal. A tal efecto, los Municipios se pondrán de acuerdo, cuando proceda, para evitar la coincidencia en la convocatoria de las sesiones.

Las funciones a desempeñar en relación con los actos de naturaleza económica de cada Ayuntamiento se realizarán en las dependencias habilitadas para ello por éste último. En ningún caso la capitalidad de la agrupación implicará la localización, archivo o depósito de la documentación administrativa perteneciente al otro municipio agrupado.

ARTÍCULO 10



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

1.- El Interventor dedicará ordinariamente al despacho de los asuntos de cada Municipio, dentro del horario legalmente establecido, el que le sea fijado por la Junta de la Agrupación, que será normalmente en la misma proporción en que aquellos contribuyan al sostenimiento de la plaza.

2.- No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior, el Interventor deberá atender al despacho de asuntos urgentes con la debida diligencia pudiendo alterar, por causas justificadas y con carácter excepcional, su calendario de trabajo ordinario.

CAPÍTULO IV

MODIFICACION DE ESTATUTOS, DURACIÓN DE LA AGRUPACIÓN Y DISOLUCION DE LA MISMA

ARTÍCULO 11.- MODIFICACIÓN DE LOS ESTATUTOS.-

Para la revisión o modificación de los presentes Estatutos, se seguirá el mismo procedimiento de su aprobación, previo acuerdo de la Junta de la Agrupación, informe de la Diputación, aprobación por los Plenos y Resolución definitiva por el órgano competente de la Xunta de Galicia.

ARTÍCULO 12.- DURACIÓN DE LA AGRUPACIÓN Y DISOLUCIÓN DE LA MISMA.-

Una vez constituida definitivamente la Agrupación, continuará vigente mientras se considera conveniente y necesario el mantener la plaza común de Interventor. La disolución de la misma podrá producirse bien de oficio por el órgano competente de la Comunidad Autónoma, por causas justificadas ,previo informe de la Diputación Provincial y oídos los Municipios agrupados, o bien a solicitud de los propios Municipios interesados, previos acuerdos plenarios, y siempre que justifiquen que pueden y les es conveniente el asumir separadamente los servicios obligatorios objeto de la Agrupación.

DERECHO SUPLETORIO

Como se indica en el artículo 1, en todo lo no previsto en los presentes Estatutos, se estará a lo que dispone la legislación básica de régimen local, procedimiento administrativo y régimen estatutario de la función pública vigente en cada momento, la normativa reguladora del régimen jurídico de los Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional y la legislación autonómica de régimen local.”

Trala explicación do sr. Alcalde, intervén don Xoan Manuel Tubío Fernández, en nome do Grupo Municipal do BNG, que recorda que este asunto xa se someteu a debate do Pleno, e que no seu momento reclamouse a participación da oposición na comisión conxunta dos dous concellos, para trasladar a dita comisión a verdadeira composición política do Concello de Outeiro de Rei.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O sr. Alcalde advirte que o que ten asignada a obriga de gobernar non pode facer dexaición da súa responsabilidade, e sinala que o mesmo grupo político que neste intre solicita a participación alegando o principio democrático, no Goberno da Xunta de Galicia mantén un comportamento totalmente oposto. O lóxico sería pedir e practicar o mesmo independentemente do exercizo do goberno ou da oposición.

Rematado o debate, sométese a votación o proxecto de estatutos da agrupación voluntaria dos concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostemento en común dunha praza de Intervención, transcrito anteriormente.

Efectuada a votación, o proxecto resulta aprobado pola unanimidade dos membros presentes.

6. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O EXERCIZO 2007.

Iníciase o debate mediante a intervención de don José Pardo Lombao, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular e Alcalde da Corporación, que resume as liñas xerais do Orzamento nos seguintes termos:

. O montante total das inversións reais para o exercizo 2007 ascende á cantidade de 3.191.630 euros, o que representa o 55,789% do orzamento total do Concello de Outeiro de Rei.

. Os gastos orzamentados adicados á prestación de servizos públicos son de 1.371.945 euros.

Realmente, non sabería que destacar, se a elevada porcentaxe inversión acadada ou os recursos adicados á prestación de servizos municipais, xa que, posiblemente, os veciños notarían máis un mal funcionamento dos servizos municipais que unha diminución das inversións en infraestrutura nova.

. No tocante aos gastos de persoal, recóllese un incremento global da masa salarial do 3%, xa que os Orzamentos Xerais do Estado para o exercizo 2007 non permiten un incremento superior. Destaca que, despois de tanto falar da necesidade de efectuar unha mellora salarial, o Goberno da Nación establece un incremento das retribucións básicas do 2%. Isto denota que os progresistas, á hora da verdade, cando gobernan non loitan polos dereitos que defenden dende a oposición.

. No tocante aos gastos financeiros, destaca que únicamente se orzamentan 25.000 euros, o que representa o 0,437% do orzamento xeral, o que demostra a saudade da facenda municipal, e precisamente cando se pretende dende algunhas instancias desprestixiar á administración municipal.

Ista contención do gasto de responsabilidade financeira pode compararse coas contas de calquer outra administración, tanto estatal como autonómica, e iso pese a escasa autonomía financeira da que dispón a facenda local a día de hoxe.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Concluindo, este orzamento é claramente un orzamento inversor, que aposta pola prestación de uns servizos municipais de calidade, e que mellora as condicións retributivas do persoal dentro dos límites máximos permitidos pola normativa estatal.

Rematada a intervención do sr. Alcalde, fai uso da palabra o sr. Tubío, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que expón:

En primeiro lugar, pide disculpas pola confusión sobor o día de celebración do Pleno, confusión que motiva o feito de que non estudiara a documentación remitida coa debida profundidade.

Vota de menos a remisión de copia da totalidade da documentación do expediente, xa que únicamente se lle remitiron resumos do orzamento.

Entrando no análise do orzamento, aprecia o importante das magnitudes adicadas a inversións reais. Neste intre, dá lectura ao anexo de inversións. O sr. Alcalde explica o contido dalgunha das previsión reflectidas, como o proxecto de sendeiro ao longo do río Miño.

Conclúe o sr. Tubío que a inversión medra moitísimo, pero se atendemos aos recursos propios do Concello de Outeiro de Rei, decatámonos que ditas inversións se financiarán con cargo a recursos extraordinarios, que é o que sucedeu co polígono empresarial de Matela, e que deu lugar a que se arrastrase ano tras ano nos sucesivos orzamentos.

Volta a intervir o sr. Pardo Lombao, que asegura que, dacordo co ritmo de tramitación do expediente, os programas de inversións deben executarse de sobra. En calquer caso, recorda que a capacidade de xestión do Concello de Outeiro de Rei non é a da Xunta de Galicia, e pese a iso, os proxectos que a Xunta está a desenvolver neste concello son de carácter plurianual (pavimentación do núcleo de Outeiro de Rei, rede xeral de abastecemento de auga, camiños de Vilela...)

Concretamente, no que atinxe a electrificación do área empresarial de Outeiro de Rei, únicamente queda por determinar a incorporación dun polígono ao reparto das cuotas de urbanización, pero o inicio do expediente de contratación non debería ir máis alá de tres meses, e a adxudicación de catro ou seis meses.

O retraso na execución do polígono empresarial de Matela xustifícase nas dificultades técnicas xurdidas con posterioridade á redacción do proxecto e non previstas por este. Iso fixo que se retrasara a obra, que a día de hoxe xa vai moi avanzada.

Volta a intevir o sr. Tubío, que anuncia que non votará a favor dos orzamentos, xa que, dende o seu punto de vista, existen outras prioridades que atender.

Asegura o sr. Pardo Lombao que, se estudiase en profundidade o orzamento cambiaría de opinión. Tamén asegura que, de ser o grupo opositor o que gobernase, non propondría uns orzamentos moi diferentes dos que agora se someten a votación. Así, por exemplo, en materia de persoal non hai nada que discutir, en materia de servizos, o nivel de calidade acadado é bon, sempre se poden mellorar, pero sería a cargo de reducir



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

os porcentaxes de inversión, que a oposición sempre lle parecen escasos... a carga financeira é realmente moi baixa, así que o único no que se podería modificar o orzamento sería incrementando os gastos correntes e reducindo inversións.

Non obstante, as inversións propostas no orzamento son imprescindibles para transformar a economía do Concello de Outeiro de Rei, diversificandoa, e implantando unha economía que vai máis aló do sector primario. Isto dará un pulo á economía do concello, e iso mediante a coordinación dos esforzos dos propietarios, dos inversores e do propio concello.

O Concello de Outeiro de Rei disporá en breve dun área empresarial en funcionamento, e que se poderá comparar en competitividade cos polígonos xigantescos proxectados, que xa antes de comenzar a executarse se atopan con graves inconvintes e desencontros.

Sinala o sr. Tubío que, de non ser pola obra de electrificación, as cifras do orzamento variarían moitísimo. En calquer caso, non pode votar a favor dun orzamento que non coñece ben.

Remata o sr. Pardo que comprende que, dende a oposición, non é moi fácil apoiar os orzamentos, pero que de non ser por esa tesitura, casi seguro que o concelleiro da oposición os apoiaría.

Sométese a votación a aprobación inicial do proxecto de orzamentos xerais do Concello de Outeiro de Rei para o exercizo 2007, que comprende os seguintes documentos:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA. RESUMEN GENERAL

005 PRESUPUESTO ORDINARIO 2007

ESTADO DE GASTOS

<u>CAP.</u>	<u>DESCRIPCIÓN</u>	<u>CONSIGNACIÓN</u>	<u>(%)</u>
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
0		0,00	0,000
1	GASTOS DE PERSONAL	1.014.360,65	17,731
2	GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	1.371.945,00	23,981
3	GASTOS FINANCIEROS	25.000,00	0,437
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	118.000,00	2,063
5		0,00	0,000
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.529.305,65	44,211
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	INVERSIONES REALES	3.039.130,00	53,123
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	80.000,00	1,398
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS	72.500,00	1,267
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	3.191.630,00	55,789
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	5.720.935,65€	100,000



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Total Pesetas 951.883.599,00 100,000

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
0		0,00	0,000
1	IMPUESTOS DIRECTOS	691.000,00	12,078
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	250.000,00	4,370
3	TASA Y OTROS INGRESOS	2.646.232,70	46,255
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	945.277,55	16,523
5	INGRESOS PATRIMONIALES	2.000,00	0,035
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	4.534.510,25	79,262
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	350.003,00	6,118
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	536.421,20	9,376
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
9	PASIVOS FINANCIEROS	300.001,20	5,244
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	1.186.425,40	20,738
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	5.720.935,65€	100,000
	<i>Total Pesetas 951.883.599,00 100,000</i>		

“MEMORIA DE LA ALCALDÍA

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en el ejercicio de las competencias que me atribuye el artículo 168.1.a) del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, expongo:

Formado el Presupuesto General de la entidad para el ejercicio económico 2007, se destaca la existencia de equilibrio presupuestario, dando así cumplimiento al principio de estabilidad presupuestaria previsto en el artículo 165 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Con la finalidad de exponer sucintamente las principales variaciones presupuestarias con respecto al ejercicio 2006, y relación al estado de ingresos, conviene destacar:

- La previsión de los ingresos de naturaleza impositiva y devengo periódico se efectúa en base a la liquidación del ejercicio presupuestario 2006, si bien incrementado las cifras liquidadas en una media del 2.5%, con la finalidad de adecuar las previsiones presupuestarias al incremento previsible del IPC interanual (de especial relevancia en el IBI), y del PIB (con incidencia en el IAE e IVTM).



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- La previsión de los restantes ingresos tributarios de liquidación no periódica se efectúa en función de la liquidación del ejercicio presupuestario 2006, y traspolando el crecimiento de la liquidación del ejercicio 2006 con respecto a la del ejercicio 2005 al presente proyecto de presupuesto.
- En lo referente a las transferencias corrientes procedentes de otras administraciones públicas, se recoge la cantidad liquidada en el ejercicio anterior, actualizada al IPC interanual armonizado fijado por el Instituto Nacional de Estadística, en sintonía con el mecanismo de actualización previsto en las normas reguladoras de estas transferencias.
- Se contemplan asimismo las transferencias de capital de otras administraciones públicas, de conformidad con la cuantía transferida en los anteriores ejercicios presupuestarios.
- Se prevé la enajenación de patrimonio municipal, debiendo, el producto de su enajenación, destinarse a la adquisición de activo fijo de carácter patrimonial, con la finalidad de evitar la despatrimonialización de la entidad, y de dar cumplimiento a lo dispuesto en la legislación estatal de haciendas locales y en la legislación urbanística autonómica. La cuantía consignada en tal concepto el presente ejercicio presupuestario se corresponde con la consignada en el ejercicio anterior, en tanto las previsiones de enajenación correspondientes al ejercicio 2006 no se materializaron.
